

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 20 DE NOVEMBRO DE 2012

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 13:35 horas do 20 de novembro de 2012, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnense no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, aos efectos de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día da data, os seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias
D. Miguel Neira Ojea
D^a Natalia Álvarez Diéguez
D^a María Mercedes Ana Moldes Ares
D. Luis Victorino Arias Fernández
D. Aurentino Alonso Araújo
D. Julio Fernández Arias
D^a María Irene Dacal Feijoo
D. Moisés Blanco Paradelo
D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
D^a Nieves Rodríguez Voces
D^a María Estela Delgado Fernández
D^a Manuela Rodríguez Vázquez

Non asisten D. Antonio Melo García e D. Vitor Manuel Sierra Nieves

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Declarado aberto o acto polo sr. alcalde-presidente, fai uso da palabra o sr. alcalde e di que xa na Comisión de Facenda do día 19 se explicaron as razóns polo que se convoca este Pleno extraordinario, que os dous primeiros puntos da orde do día están relacionados co Consorcio de Augas, e hoxe hai unha reunión ás 6 da tarde para aceptar todas as delegacións e aprobar as taxas, pois senón non hai tempo material para que empece a funcionar o Consorcio o día 1 de xaneiro e que había o compromiso de que hoxe antes da asemblea do Consorcio toda a documentación do concello do Barco estaría terminada, e que esa é a razón da convocatoria extraordinaria de hoxe.

1º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición da Alcaldía relativa á resolución por mutuo acordo coa concesionaria do contrato de explotación integral do servizo público municipal de abastecemento de auga potable e saneamento do Barco de Valdeorras.

O sr alcalde fai uso de palabra para dicir que a ratificación débese a que cando se convocou o Pleno evidentemente non se había celebrado á Comisión informativa. Di que entende que se fará un debate único para os dous primeiros puntos, ó ir relacionados, e que o obxectivo deste primeiro é delegar toda a prestación do servizo no Consorcio e como Aquagest ten un contrato co Concello do Barco ata o ano 2017 para a prestación deste servizo será preciso resolver por mutuo acordo o contrato con Aquagest. Di que tamén é certo que o servizo que prestará o Consorcio, ó estar a Deputación nel, será a través da empresa Aquaourense, empresa mixta de Aquagest e Deputación, creada e adxudicada en concurso público fai catro anos aproximadamente, para prestar servizo de abastecemento e saneamento na Provincia de Ourense, que no relativo ó Concello do Barco case non cambia nada pois os traballadores serán os mesmos aínda que agora estarán inscritos ao Consorcio en vez de a Aquagest, seguindo no servizo deste Concello. Di o alcalde que o primeiro que hai que facer é rescatar o servizo, pois o 31 de decembro próximo a empresa Aquagest deixará de prestar o servizo no Concello do Barco, perdendo todos os dereitos que ten ata o 2017, aínda que ata o ano de finalización do contrato a empresa tiña que facer unha serie de amortizacións dunha inversión do ano 1997. Di que ó ver a documentación queda claro que tanto no rescate como despois na concesión, a Aquagest seguirálle pagando o Consorcio o diñeiro que co conxunto das taxas do Barco de Valdeorras ían para a amortización daquela inversión, que o Consorcio ingresaralle a cantidade ó Concello e nós a Aquagest, que con esas taxas a empresa terá que ingresar o canon variable que viña percibindo o Concello en función dos metros cúbicos que se consuman, ó Concello do Barco, polo que este Concello non perde absolutamente nada. Prosegue o alcalde dicindo que ó facer as obras de inversión non se fixeron as actas de recepción, polo que hai un reparo pola Intervención ó non poder comprobar esas obras, aínda que hai un informe favorable do enxeñeiro determinando as obras xa que el si estaba xa traballando no Concello cando se fixeron as obras, polo tanto hai que levantar dito reparo nesta aprobación. Di que unha vez rescatado o contrato o servizo para a ser do Concello e o Consorcio, a través do acordo que se propón adoptar no segundo punto da orde do día, cede a prestación do servizo ó Consorcio, e para que Aquagest non se vexa prexudicada queda fixado que si o Consorcio desaparecera antes do 2017 o Concello do Barco seguirálle delegando a prestación do servizo á Deputación Provincial.

Sinala o alcalde que quedan nos acordos que se propón adoptar perfectamente aclarados todos os termos da delegación da xestión do servizo, e incluso o Consorcio seguirá prestando o servizo de recadación da taxa do lixo, o que é un gran aforro para o Concello ao ir no mesmo recibo auga e lixo, ó pagar lixo quen paga auga, e permitirá manter a porcentaxe de recadación das taxas, e que o Consorcio ingresará o diñeiro aos 15 días de recadalo, que cre que é un bo acordo e que a creación do Consorcio é bo para o Concello do Barco de Valdeorras, aínda que moita xente sobre todo nos pobos, non pagaban nada pola depuración e agora terán que pagar o imposto de Augas de Galicia, pero que non tiña sentido que uns paguen e outros non pois ó final alguén vai limpar as fosas sépticas e facer obras nelas e hai que pagalas.

En votación ordinaria por unanimidade dos concelleiros asistentes se ratifica a inclusión do asunto na orde do día da sesión.

O voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, o sr. Blanco Paradelo, fai uso da palabra para dicir que coincide co dito polo alcalde sobre o Consorcio, e que pensa que o tempo demostrará que é unha boa forma de xestionar e optimizar recursos, recortando tamén moitos gastos, e poñerá xustiza de acordo coa normativa europea que di que todo o mundo ten que pagar, neste caso polo servizo da auga. Di que esta forma de xestión, que será pioneira en Galicia, si ten bos resultados será un reflexo e unha referencia para as distintas comarcas da Comunidade Autónoma de Galicia, pois verán que se pode traballar de forma coordinada e mancomunada para xestionar algo tan importante como é o ciclo completo da auga. Remata dicindo o Sr. Blanco que o seu Grupo vai a votar a favor, como fixeron en todo o procedemento, e desexarlle boa vida ó Consorcio e que o sr. alcalde, como representante nesa Asemblea, ten todo o apoio do PP do Barco para defender os intereses dos cidadáns do Barco e da comarca, evidentemente.

Fai uso da palabra o sr alcalde e di que de todas as reunións que haxa do Consorcio dará conta na Comisión de Obras.

Rematado o debate a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos quince concelleiros asistentes o Pleno do Concello, acorda:

1º) Levantar o reparo suspensivo da intervención municipal formulado no informe de 16 de novembro de 2012.

2º) Resolver o contrato da explotación integral do servizo público municipal de abastecemento de auga potable e saneamento do Barco de Valdeorras, de mutuo acordo coa concesionaria Aquagest, Promoción

Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, S.A., de conformidade coas seguintes condicións:

a) En virtude da resolución por mutuo acordo, a xestión do servizo reverteralle ó Concello do Barco de Valdeorras, para a súa xestión directa polo Consorcio de Augas de Valdeorras, en virtude da delegación que se confira polo Concello á dita entidade consorcial.

b) Para o caso de que a fórmula consorcial da prestación do servizo deixe de prestarse antes do remate da duración inicial do contrato que se vai resolver (20 anos dende o 1 de outubro de 1997) o Concello comprométese a delegar ou encomendar a prestación do servizo na Deputación Provincial de Ourense, cando menos ata o remate do dito prazo inicial da concesión.

c) A resolución do contrato por mutuo acordo será efectiva a partir da data na que se inicie a xestión directa do servizo polo Consorcio de Augas de Valdeorras, o que se lle comunicará á concesionaria coa antelación suficiente.

d) A concesionaria terá dereito a seguir percibindo as cantidades correspondentes á amortización dos investimentos pendentes ata a súa total extinción. O Concello garantirá que a delegación efectuada a favor do Consorcio contemple expresamente a obriga de pagamento á concesionaria das ditas cantidades.

A concesionaria terá dereito á devolución da garantía vinculada ao contrato que se resolve.

A concesionaria renuncia a calquera outra indemnización ou compensación económica que lle puidese corresponder como consecuencia da resolución, como por exemplo as que se refire o artigo 170.4 da lei 13/1995 de 18 de maio, para o caso do rescate.

e) Os medios materiais actualmente adscritos á concesión seranlle entregados pola concesionaria ó Consorcio de Augas de Valdeorras na data de inicio da xestión directa do servizo polo Consorcio de Augas de Valdeorras, asumindo a actual concesionaria o compromiso de prestar a máxima colaboración no proceso de transferencia da xestión do servizo, garantindo en todo caso a súa prestación continuada e dun xeito normal ata ese momento.

Con efectos da mesma data, o persoal da concesionaria seralle transferido ó Consorcio de Augas de Valdeorras, de conformidade co establecido para os supostos de sucesión de empresa no vixente Estatuto dos Traballadores.

3º) Facúltase á Alcaldía para a formalización do correspondente acordo coa concesionaria, así como para a realización de cantas xestións e

actos de execución sexan precisos para a plena efectividade do presente acordo.

4º) Notifíqueselle á concesionaria.

2º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición da Alcaldía relativa á delegación do exercicio da competencia de xestión do servizo público municipal de abastecemento e saneamento a favor do Consorcio de Augas de Valdeorras.

En votación ordinaria por unanimidade dos concelleiros asistentes se ratifica a inclusión do asunto na orde do día da sesión.

Sen máis intervencións, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos quince concelleiros asistentes o Pleno do Concello, acorda:

1º) Delegar no Consorcio de Augas de Valdeorras o exercicio das seguintes competencias municipais:

- A ordenación e xestión do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable.

- A ordenación e xestión do servizo de sumidoiros.

- A xestión tributaria e recadación en período voluntario das taxas correspondentes ós servizos delegados, así como das taxas correspondentes ó servizo de recollida de residuos sólidos urbanos.

A dita delegación suxéitase ás seguintes condicións:

a) Ámbito funcional: a delegación comprenderá o exercicio de tódalas facultades de xestión dos servizos que constitúen o seu obxecto, incluíndo a resolución de recursos e o exercicio de accións administrativas e xudiciais, e a elaboración e aprobación das ordenanzas reguladoras do servizo, incluídas as de carácter fiscal. Queda expresamente excluído da delegación o exercicio das competencias de xestión recadación executiva das taxas delegadas, que serán exercidas polo Concello do Barco de Valdeorras.

b) Ámbito territorial: comprenderá a totalidade do termo municipal.

c) Ámbito temporal: a delegación producirá efecto durante un prazo de dous anos a partir do 1 de xaneiro de 2013.

Non obstante o anterior, a delegación poderá ser revogada unilateralmente polo Concello do Barco de Valdeorras en calquera momento, mediante comunicación fidedigna ó Consorcio cun mínimo de dous meses de antelación verbo da súa data de efectividade. Nas

mesmas condicións, o Consorcio poderá acorda-la finalización da súa xestión delegada e a reversión do exercicio das competencias ó concello.

d) A delegación queda, en todo caso, condicionada á resolución por mutuo acordo do actual contrato de xestión de servizos de abastecemento de auga potable e saneamento celebrado entre o Concello do Barco de Valdeorras e Aquagest, sen que o Consorcio se subrogue en ningún momento no dito contrato de xestión de servizos públicos.

e) Os gastos de funcionamento do servizo delegado serán financiados polo Consorcio con cargo á recadación das correspondentes tarifas municipais. O Consorcio aboaralle ó Concello do Barco de Valdeorras o actual canon concesional, así como as cantidades que lle correspondan á actual concesionaria en concepto de amortización de investimentos, conforme co acordo de resolución por mutuo acordo que se adopte entre o Concello e a empresa concesionaria municipal e que ascenden a 274.501,33 euros. Os prazos de pagamento destas cantidades serán establecidos de común acordo entre o alcalde do Barco de Valdeorras e o presidente do Consorcio.

f) As cantidades recadadas polo Consorcio en concepto de taxas do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos seranlle transferidas ó concello no prazo máximo de quince días naturais dende a súa recadación efectiva. O incumprimento deste prazo daralle dereito ó Concello á percepción do xuro legal sobre a cantidade adebedada.

Sen prexuízo do anterior, e en concepto de compensación polos gastos que supón o exercicio da delegación, o Consorcio terá dereito a percibir o 3 % da cantidade líquida efectivamente recadada, contía que se deducirá do importe que se transfira ó concello.

g) Na data de efectividade da presente delegación quedarán adscritos ó Consorcio os medios materiais de titularidade municipal actualmente adscritos ós servizos delegados, calquera que sexa a súa natureza. Os medios actualmente adscritos á concesión son os que se describen no anexo I. Estes medios materiais reverteranlle ó Concello, no estado no que se atopen (incluíndo as súas ampliacións ou modificacións derivadas da natural evolución do servizo durante o período de xestión delegada) no suposto de revogación da delegación.

h) Na data de efectividade da delegación, transferiráselle ó Consorcio o persoal laboral da concesionaria municipal actualmente adscrito ó servizo, mediante sucesión de empresa conforme co establecido no Estatuto dos Traballadores. Este persoal é o indicado no Anexo II deste acordo. A mesma regra aplicarase no suposto de revogación ou extinción da delegación, debendo asumi-lo concello a transferencia mediante sucesión de empresa da totalidade do persoal que no

momento da extinción da delegación se atope adscrita ós servizos delegados.

2º) Notifícarlle-lo presente acordo ó Consorcio de Augas de Valdeorras e á concesionaria municipal, e ordena-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento.

3º) Facultar expresamente á alcaldía para a realización de cantas xestións e actos de execución sexan precisos para a plena efectividade do presente acordo.

3º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición da Alcaldía relativa á declaración do dereito á bonificación do I.C.I.O. a solicitude de D. Felipe Losada González.

En votación ordinaria por unanimidade dos concelleiros asistentes se ratifica a inclusión do asunto na orde do día da sesión.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde para dicir que este asunto foi ditaminado pola Comisión de facenda de onte, por unanimidade, que é unha obra para instalar un elevador para unha persoa que ten discapacidade.

Non producíndose debate, en votación ordinaria e por unanimidade dos quince concelleiros asistentes o Pleno do Concello acorda:

1º.- A declaración formal da obra solicitada por D. Felipe Losada González (R.E. 13 de novembro de 2012) de interese social ó estar encamiñada a suprimir barreiras arquitectónicas.

2º.- Proponer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 90% do ICIO

4º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición da Alcaldía relativa á declaración do dereito á bonificación do I.C.I.O. a solicitude de Dª Flora Gago Núñez.

Pola Alcaldía dáse conta que esta bonificación de ICIO decidiuse na Comisión de Facenda de onte deixala para o seguinte pleno ó xerar unha dúbida o informe técnico, aínda que xa se aclarou hoxe que ten dereito á bonificación, pois a redacción da Ordenanza no seu día deixa algúns temas abertos e este sería un deles e pódese declarar, pero que se deixa fóra da orde do día de hoxe e virá na próxima sesión plenaria, unha vez emitido o novo informe técnico.

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo, quen unha vez concedida di que xa con motivo doutra bonificación acordárase na Comisión de obras que habería que revisar a ordenanza para posibles modificacións e que entón poderíase levala a unha Comisión para facer esas pequenas modificacións.

Fai uso da palabra o alcalde e di que igual habería que estudar e levar unha pequena modificación para que quede clara. Di que neste caso falou co arquitecto e explicouno e efectivamente non hai problema para que se tome o acordo no pleno de darlle a bonificación, pero que é verdade que a ordenanza ten unhas pequenas lagoas que se poden mellorar e que non haxa estes problemas.

O pleno acorda por unanimidade dos quince concelleiros asistentes deixar o asunto para un posterior estudo.

5º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición da Alcaldía relativa á aprobación da conta xeral do Concello do Barco de Valdeorras do exercicio 2011.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos Concelleiros asistentes, pola Alcaldía faise uso da palabra para dicir que o expediente está completo, que se celebraron as comisións preceptivas, e que na comisión de onte deuse conta de que non se presentaron reclamacións contra a mesma, despois da súa exposición pública polo período regulamentario, que a conta xeral é un documento técnico, non é o debate de orzamentos, e do que se trata é de aprobala e colgala na aplicación informática que ten o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, e que dende o goberno municipal inténtase mellorar ano tras ano, exercicio tras exercicio, na xestión económica do Concello.

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo, quen unha vez concedida di que hai que distinguir na Conta xeral dúas partes, unha técnica xa que é un expediente dun asunto complexo, un conglomerado de varios documentos e informes, polo que debemos recoñecer o traballo técnico, pero este traballo técnico arroxa uns datos políticos, que o alcalde non explicou e tería que facelo pois fala da súa xestión. Di o concelleiro que se seguen a facer as cousas fóra de prazo neste Concello, polo que seguen os reparos, e se usan as xustificacións de sempre como o programa informático ou a falta de persoal no departamento económico, e que é unha advertencia que lle levan facendo dende a Intervención dende fai anos, pois ese departamento necesita en determinados momentos, como na elaboración de expedientes voluminosos como neste caso, algunha persoa de reforzo pero que non se lle

fai caso, e pregúntalle ó alcalde para qué serviu a relación de postos de traballo que fixo a Universidade de Santiago, pois pensa que non vale para nada a que se fixo agora e a que se fixo anteriormente. Di o sr. Blanco que quere destacar algúns aspectos da liquidación e sinala que na páxina 7 do informe técnico se sinala que o debe e o haber continúa a ser erróneo en determinadas contas pois non coinciden, o que é unha incidencia importante, como tamén que un informe técnico diga en relación coas obras que executa a Administración, que o departamento económico do Concello non é capaz de contabilizar o gasto derivado desas obras, o que é moi grave aínda que ó final se pague todo pois se descoñece o custo total da obra e que tamén o é que se volve a reiterar como outros anos a inexistencia do inventario do patrimonio municipal do solo. Di que outro tema moi importante son os informes desfavorables que figuran fiscalizados de desconformidade, que é algo vergoñento que nun ano como refrendo a xestión do goberno municipal o alcalde reciba cento cincuenta e cinco informes desfavorables, datos que arroxa a conta xeral, de xeito que cada dous días se di que algo que fai o alcalde non o está a facer ben. Prosegue dicindo que segundo o análise orzamentario a execución do gasto descende con respecto aos anos 2010 e 2009 ata o oitenta e cinco por cento e que a tendencia é que vai descendendo a execución do gasto de obrigas recoñecidas, que os expedientes de modificación orzamentaria aínda que diminúe a cantidade á que afectan, aumentan en número, polo que quere dicir que se improvisa máis, que outro dato moi importante a destacar é que as modificacións por falta de previsións de gasto é do 23,45%, moi superior a exercicios anteriores e que todo eso son indicadores de que non se está a facer unha boa xestión. Di o concelleiro que a liquidación é positiva o que está moi ben, pero que na liquidación que fai no cerre de 2011 é enganosa pois no presuposto inicialmente hai un superávit de 1.034.000 € e cando se pecha solo quedan 390.000€, é dicir 600.000€ de erro, o que non é unha boa xestión, que ó remanente de Tesourería é positivo pero diminúe o remanente co respecto ó 2010 e 2009, e que logo se utiliza para facturas de exercicios anteriores, que os ingresos minguaron e a presión fiscal dos cidadáns por habitante ponse en 301,86€, descendendo levemente pero que queda lonxe da que había no 2009, o que supón, di o concelleiro, que o alcalde decidiu que no Barco xa terminou a crise e polo tanto se pode volver a subir os impostos. Di que no relativo ós gastos, segundo os datos oficiais, que os ingresos se minoran nun 4,92 por cento e os gastos nun 0,14 e que fundamentalmente esa redución ven dos salarios, seguridade social e fondo social, pero se o comparamos co exercizo 2010 vemos que se incrementan os gastos en servizos, e aí é onde tiña que reducir. Di que hai moitos datos que evidencia que non houbo unha boa xestión e sobre todo evidencian que podería haber unha xestión mellor, polo tanto á vista dos datos expostos o

seu Grupo vai votar en contra, pois si votaran a favor estarían refrendando a súa xestión o que non se pode facer. Remata o concelleiro dicindo que cento cincuenta informes desfavorables afean a xestión de calquera, alcalde ou directivo de empresa ou de calquera colectivo.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde para dicirlle ó sr concelleiro que aínda que non lle poderá contestar a todo, pois tería que ter nota de todos os números que dixo, intentará contestar á maioría das súas afirmacións. Di o alcalde que xa contaba con que non ía a apoiar a aprobación da conta xeral, que asume que o sr. Blanco ten que facer labor de oposición e que deste informe ten que coller as partes que lle favorecen ó igual que el destacar as que se omitiu o voceiro. Di que o sr. Blanco volve a falar do tema de persoal e que o persoal é o que hai en todos os departamentos, e con ese persoal, aínda que un pouco máis tarde do debido, vaise sacado todo adiante, que a solución de poñer máis persoal é gastar máis diñeiro nel, e eso é do que se queixa o concelleiro habitualmente pois di que se gasta moito diñeiro en persoal, que nestes momentos é complicado contratar xente, que xa explicou na Comisión de persoal que se vai facer unha remodelación e algúns funcionarios van cambiar de posto para tratar de mellorar certos aspectos. Di que o máis importante para o sr. Blanco é o apartado do informe onde o Interventor fala das obras por administración e o concelleiro pretende dicir que non se sabe o que se gasta nas obras e non é así, pois por exemplo as obras por administración responden case sempre a subvencións, que se piden cunha memoria e nela non veñen separadas por exemplo man de obra e materiais, que é un tema contable non de falta de control, que a que se xustificou este ano xa o Técnico cando fixo o proxecto separou todo, puxo man de obra e materiais, etc., outras veces vai todo xunto, e que ás veces non hai nin tempo para xustificar as obras en prazo, pois chegaron en outubro algunha e teñen que estar xustificadas en novembro, entón fanse, xustificanse e logo o Interventor cumpre coa súa obrigaición emitindo informe sobre os fallos e defectos que houbo. Prosegue dicindo que fai media hora tomouse un acordo cun reparo suspensivo e o sr Blanco votou a favor, que a el non lle gusta que haxa reparos nos informes pero que ten que resolver os problemas do Concello e a solución dos problemas dos veciños están por encima de que o expediente quede bonito ou non, que de ilegalidades ningunha e boa xestión toda. Di que no relativo ó grado de execución, este é inferior ao alcanzado no pasado exercicio pero nun 0,25 por cento e que é superior a outros dos anos examinados no informe, que en relación á presión fiscal, di que o Fondo de cooperación estatal é un diñeiro que se dá a maiores aos Concellos que teñan menos de 20.000 habitantes e que a presión fiscal sexa como mínimo o 1%, e o Concello do Barco non recibe ningún diñeiro por ese Fondo mentres que na Comarca de Valdeorras

hai Concellos, gobernados polo PP, que si reciben xa que superan o 1% de esforzo fiscal. Di que se fala de que no Barco os impostos son altos e cando hai liñas do Estado, porque o Estado potencia o esforzo fiscal, que apoian a Concellos con maior esforzo fiscal, o Concello está por debaixo dos límites para o acceso a esas liñas que pon o propio Estado, polo que, ao seu xuízo, estase a facer debate sen rigor, e que ademais os datos do ano 2010, sinalan que estamos no 0,88 por cento de presión fiscal e no 2011 tampouco alcanzaremos o un por cento o que supón unha perda de posibles ingresos que evidentemente correspondería a este Concello. Di que se soben os impostos neste Concello, como no resto de Concellos con alcaldes do PP na provincia de Ourense, como por exemplo onte no Carballiño que subiron o 20%, e que cando se está na oposición din que hai que baixar os impostos, como Rajoy, pero non pensan o mesmo cando gobernan. Di o alcalde que o ano pasado houbo moitas modificacións, como sinalaba o sr. Blanco, porque a liquidación foi grande e parte daquel diñeiro utilizouse para facer cousas pendentes, que este ano sairán moitas menos porque non se tocou o remanente de Tesourería. Di que os presupostos son unha mera previsión de ingresos e gastos, polo tanto están vivos durante os doce meses do ano e se van cambiando na medida que van xurdindo necesidades ou que se van considerando que determinados proxectos é mellor non facelos para facer outros aos que se lle ve máis utilidade, que facer moitas modificacións ou poucas nin é bo nin é malo, o único malo é gastar máis do que se ingresa, e dende que goberna o PSdeG-PSOE no Barco nunca se gastou máis do que se ingresou, o que non quere dicir que non poda pasar en diante, pero de momento na Tesourería hai diñeiro para pagar as facturas, o que non poden dicir todos os Concellos, e que o prazo medio de pago de facturas foi de 36 días, que tamén o pon no informe e non se dixo, e que eses son os números importantes dos que hai que falar e sentirse satisfeitos. Di o alcalde que outro dato que pon de manifesto a responsabilidade do Concello é cando se di que mellorou a fiabilidade dos ingresos máis estables como son os impostos, taxas ou prezos públicos, cunha porcentaxe de 96,19%, o que quere dicir que cando se planifican os ingresos faise con rigor. Conclúe dicindo o sr alcalde que para facer o que se fai neste Concello noutro da mesma categoría seguro que ese outro concello ten 10 ou 20 funcionarios máis que este, e algúns superarían ese dato, e nós estamos facendo as cousas ben e cada vez máis pronto, aínda que este ano tróuxose a aprobación a conta xeral cun mes de atraso.

O sr Blanco Paradelo fai uso da palabra para dicir que o alcalde cando non lle interesa pretende desvirtuar o debate facendo uso de vaguidades, que sabe o debate que hai e se quere vir preparado pode facelo, que non é propio do alcalde e debe de respectar o debate. Di o voceiro do Grupo municipal

do PP que o alcalde ten un voceiro e unha concelleira responsable dos asuntos económicos e o que ten que facer é poñelos a traballar, que son 9 con maioría absoluta e poden preparar os debates e o que fan sempre é queixarse, que respecto do persoal non se trata de contratar máis senón de optimizar os recursos, xa que en determinados momentos do ano hai postos que teñen máis carga de traballo e poden ir a axudar ós funcionarios doutros departamentos, que hai que coordinar e non contratar máis xente, pois hai momentos do día que non están facendo nada ou non hai carga de traballo polo que hai que reorganizar, coordinar, planificar e que o alcalde non planifica, vai a salto de mata. Di o concelleiro que no relativo a informes desfavorables que algúns deles non terán moita importancia pero son 155 e esto non é defendible, que xa o día 1 de xaneiro lle fixeron un relativo a un asunto de persoal e que despois veñen sentencias e pagamentos, que hai moitos informes que fan alusión á base 40, a da limitación do gasto, e tamén informes contra facturas que se pagan de forma irregular ou sen consignación orzamentaria ou non tendo a proposta de gasto, que segundo o alcalde o presuposto é unha mera estimación de gastos, pero que hai máis de corenta modificacións presupostarias e cando unha persoa modifica moito é que non o tiña ben planificado, que quere recordar que si el critica os datos económicos aínda que se trate de pequenas porcentaxes é así porque en cantidades importantes un 0,1 ou un 0,2 significa moitos cartos. Di o sr. Blanco que o alcalde debe volver a revisar o dato do prazo do pago de facturas do Concello a 36 días, pois no informe da intevención se sinaa que o prazo medio de cobro en 57,79 días, que non é igual que en 36 días, e aumenta a tendencia con respecto ó ano anterior. Di que os datos que cita son os que veñen nos documentos oficiais, aos que ten acceso, e din que se pode mellorar a xestión e por eso o seu Grupo non pode votar a favor da aprobación.

Fai uso da palabra o sr. alcalde e di que os informes de morosidade aos que fai referencia o sr Blanco veñen ós Plenos e pódese ver o número de facturas que entran en morosidade nun presuposto de máis de nove millóns de euros. Di que o xoves pasado pagáronse xa facturas do mes de outubro e este xoves aprobouse outra remesa de facturas de mediados de outubro, que o pago que se fai das facturas neste Concello é modélico e senón que se lle pregunte aos provedores como paga o Concello do Barco.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e seis en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

Aprobar a conta xeral do Concello do Barco de Valdeorras do exercicio 2011.

6º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición presentada polo portavoz do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE sobre medidas do Concello do Barco de Valdeorras fronte aos desahucios.

En votación ordinaria por unanimidade dos concelleiros asistentes se ratifica a inclusión do asunto na orde do día da sesión.

A moción copiada literalmente di:

****O Grupo Municipal Socialista, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta MOCIÓN SOBRE MEDIDAS DO CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS, FRONTE AOS DESAHUCIOS, en base á seguinte**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa crise e o aumento alarmante do desemprego, centos de miles de familias están a chegar a unha situación límite que non lles permite cubrir as súas necesidades máis básicas. O Concello de O Barco de Valdeorras non é alleo a este fenómeno, xa que continúan a producirse cada día máis casos de familias que ven como un dos seus maiores logros, a súa vivenda, pode estar en perigo por unha execución hipotecaria que pode provocar a perda do inmovible. E aínda por riba de perder a vivenda, estarán expostos a unha condena financeira de por vida. Según os datos recabados por este grupo en diferentes fontes, por parte dos Xulgados do Barco de Valdeorras executáronse nos últimos tres anos en torno a 90 desahucios, e hai nestes momentos, pendentes de execución, por enriba de 45 máis. A situación agrávase cada vez máis, co incremento brutal das taxas de paro e a falla de ingresos por parte de moitas familias.

A Lei actualmente vixente en España permite que os bancos non só poden quedar coa vivenda por un prezo moito menor do que se taxou ao firmar a hipoteca, senón que ademais mantense a débeda, incrementada por, entre outros gastos, os intereses de demora, que chegan á usura e se aproximan ao 30% en moitos casos e nunca baixan do 18 ou 20%.

Mentres os cidadáns perden a súa vivenda e quedan endebedados de por vida, son obrigados a contribuír, vía suba de impostos como o IVE, a “salvar” aos bancos que os deixan sen vivenda. Reciben pois un castigo do propio Estado, cuxa obriga é protexer aos seus cidadáns: en vez deso, o Estado “premia” a mala xestión bancaria socializando as súas perdas, os rescatan. Os cartos saen dos petos dos cidadáns, e, ademais, o propio Estado ten que asumir, pola vía dos Servizos Sociais, a situación de desamparo que se xenera en familias que perderon o seu posto de traballo por mor dunha crise tamén orixinada no sistema financeiro. Todo o castigo para os contribuíntes, e ningún para os culpables desta crise. Pola contra, quitan as vivendas os seus antigos clientes, lles esquilman con intereses de demora abusivos, non aceptan a dación en pago, e, por enriba, acumulan un parque inmenso de vivendas que, valeiras, non supoñen beneficio algún para ninguén.

A perda da vivenda tamén leva consigo a perda doutros dereitos e impide ás persoas afectadas realizarse no ámbito familiar, e profesional, e condena en moitos casos á marxinación e exclusión social.

En definitiva, a situación de desamparo na que se atopan algunhas das nosas familias, asfixiadas por unha situación laboral cada vez máis insostible e unha hipoteca froito da avidez de especuladores e entidades financeiras, é moi preocupante.

Polo tanto, faise necesario intervir con urxencia ante esta dramática situación, que levou a desenlaces coa perda de vidas, e que coa duración prolongada desta crise estase a agravar día a día.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE de O BARCO DE VALDEORRAS somete para a súa aprobación a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno Central e ao Parlamento a paralización inmediata de tódalas execucións hipotecarias de vivendas habituais, nos supostos de vivenda habitual e insolvencia sobrevida de boa fe, por un período de a lo menos 2 anos, sen intereses engadidos e mentres se modifica a lexislación vixente.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno Central e ao Parlamento para que adopte as medidas necesarias para que, nos supostos de vivenda habitual e insolvencia sobrevida de boa fe, se estableza un aluguer social, con pagos mensuais en función das rendas reais das familias, para poder manter a súa residencia e, ao tempo, continuar co compromiso de pago coas entidades bancarias.

TERCEIRO.- Instar ao Goberno Central e ao Parlamento para que adopte as medidas necesarias para que se aplique a dación en pago, regulada no artigo 140 da Lei Hipotecaria, de tal xeito que, a elección do debedor, se poida cancelar, sen execución hipotecaria, a totalidade da débeda pendente coa entrega da vivenda, aínda que isto non fora pactado ao formalizarse a hipoteca.

CUARTO.- Instar ao Goberno Central e ao Parlamento para a modificación da lexislación, de xeito que se proceda á eliminación do imposto municipal de plusvalía para as persoas afectadas que sufran a perda da súa vivenda en poxa, e para aquelas que logren a dación da vivenda en pago, naqueles supostos en que a lei así o permita.

QUINTO.- Dar traslado destes acordos ao Parlamento Autonómico de Galicia, así como ao Congreso e ao Senado.

Máis aló das medidas de competencia estatal, propor a adopción da seguinte medida para emprender a nivel municipal:

-Interpelar ás entidades financeiras que operan no municipio para esixirlle, nos casos de desamparo, a paralización dos desahucios froito do actual proceso de execución hipotecaria, coa indicación de que en caso contrario, procederase á retirada dos fondos municipais de ditas entidades.**

O sr. alcalde fai uso da palabra e di que nestes días estase a falar dun tema absolutamente escandaloso que é o do desafiuzamento de vivendas de familias que se quedan na rúa, ó ser esas vivendas a súa residencia habitual, sen que ninguén faga nada máis aló de parches ou maquillaxes, que é o que se fixo coas últimas medidas do Goberno do Estado. Di que se tomaron dúas medidas, primeiro un código de boas prácticas para que asumira a Banca voluntariamente, que ó non ser obrigatorio non asumiu, e agora un decreto polo que determinadas familias non van ser desaloxadas das súas vivendas, pero que é un decreto inxusto con outras familias que teñen os mesmos problemas ou máis graves, que a cuestión é que os bancos están esquilmando claramente aos seus clientes que lles deron un préstamo para a compra de vivenda, que eles mesmos taxaron, e os clientes ó final quedan sen o piso e encima seguen debendo, sen que se tomen medidas serias co problema, que ten que quedar claro que o que debe ten que pagar, pero que con esta situación de aumento paro e que algunhas familias enteiras están no paro e a maioría sen axudas é imposible que poidan pagar, por elo haberá que tomar medidas extraordinarias para resolver o problema, e unha vez resolto poidan seguir pagando si queren que a vivenda sexa súa, ou senón chegar á dación de pago pola que unha familia quede sen casa pero que non

siga acumulando débedas para toda a vida, que ese é o problema que non se quere afrontar polo Goberno que nestes momentos ten a responsabilidade. Di o alcalde que ten que haber unha reforma da Lei Hipotecaria e de todas as que afectan para dar solución a este problema que xurdiu e que se ve agravada por que os españois estamos financiando á Banca vía subida de impostos, por exemplo o I.V.E. que se subiu por imposición de Bruxelas para darlle o diñeiro á Banca, que aínda así cobran uns intereses escandalosos, chegando ó 30% nalgúns casos e en ningún caso baixa do 18%, cando non hai ningunha razón para que estiveran por riba do 11%, que xa empezan a haber xuíces que se negan a que os intereses de usura se metan nas débedas do cidadán, e que hai unha sentenza esperando no Tribunal Europeo que ó mellor di que hai falta de protección para os usuarios no tema bancario e se pregunta porqué non se dá unha moratoria ata que o Tribunal Europeo dicte sentenza. Prosegue dicindo que hai que facer algo con este problema e que por eso presentan esta moción, lendo de seguido a parte dispositiva da mesma e que por iso pide a moción un período de dous anos na paralización das execucións hipotecarias porque ás familias que agora non as van desaloxar farano dentro de dous anos pois segue aumentando a débeda ó seguir cobrando intereses de mora e se insta ao establecemento dun aluguer social e a que se aplique a dación de pago, buscando unha solución e un equilibrio entre a banca e os cidadáns, solución que deberá de saír das persoas máis cualificadas que hai neste país e que moitas veces ese é o problema pois fan as leis xente que non ten idea do que está lexislando. Engade que tamén insta a moción á eliminación do imposto municipal de plusvalía para os afectados, que neste Concello xa se fai dende vai anos, e sobre todo a esixencia ás entidades bancarias da paralización dos desafuzamentos xa que do contrario o Concello retirará as contas bancarias das entidades, que esta esixencia estana a facer alcaldes do Partido Socialista pero tamén a fan alcaldes do Partido Popular, posto que ás veces os intereses dos deputados non están tan próximos aos problemas dos veciños como están os alcaldes e cando sucede eso importa menos a ideoloxía política ou o partido ao que se pertence.

Pide a palabra o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, don Moisés Blanco Paradelo, quen unha vez concedida di que houbera preferido que o alcalde lera a moción posto que moitas veces é o primeiro que critica iniciativas que son de ámbito nacional como esta. Prosegue dicindo que na exposición da moción fai referencia a que este goberno non está a facer nada pero que cando gobernaba o PSOE con Zapatero xa había desafuzamentos e parece que ó alcalde non lle doía tanto, que o que ten que recoñecer que houbo un primeiro acordo, unhas modificacións de lei e que desde marzo tomáronse unha serie de decisións e seguen traballando

niso, que se o que queren aprobar son as medidas que veñen na moción propostas polo PSOE hai que preguntarse se esas medidas son as propostas polo PSOE a nivel nacional, ou o PSOE de Pachi, o PSOE de Chacón, o PSOE de Rubalcaba, o PSOE de Ourense ou o de Alfredo García, porque se son as do alcalde xa as aproba agora mesmo. Di que o alcalde fai unha intervención na que parece que os problemas comezaron agora e ninguén fai absolutamente nada e que é o alcalde do Barco o que esixe que se fagan todas esas cousas, pero hai dúbidas si eso é factible, viable ou se pode cumprir xuridicamente. O sr. Blanco queixase do concelleiro sr. Arias Fernández polas molestias que di que lle causa durante toda a súa intervención no mesmo sentido intervén a concelleira sra. Delgado Fernández e o sr. alcalde chama á orde ao concelleiro sr. Arias Fernández e á concelleira sra. Delgado Fernández.

Prosegue falando na súa quenda de intervención o voceiro do Grupo municipal do PP dicindo que o Real Decreto-Lei que se pon en marcha de xeito urxente e que se enriquecerá coa tramitación parlamentaria, acorda a paralización inmediata dos desafiuzamentos para certos colectivos vulnerables e di que vai proceder a dar lectura das medidas tomadas nese Real Decreto-Lei, preguntándolle de seguido ó sr. Alcalde si está de acordo ou non e si lle parece ben. Prosegue o voceiro dicindo que a dación en pago haberá que estudiala pois ó mellor non é interesante que ó final se teñan persoas sen vivendas e vivendas sen persoas, que non se poden traer as cousas de forma demagóxica, que lle gustaría falar destes temas co alcalde e ó final acordar os puntos a adoptar, que aínda que están de acordo con dar unha solución ao problema non teñen que asumir os puntos que quere impoñer o PSOE, que o alcalde que aínda que teña maioría debería falar dalgúns temas coa oposición para chegar a acordos conxuntos, pero que o que busca é impoñer a súa moción ó ter a maioría, que dende o PP quérese ofrecer un tratamento xusto e equilibrado ás familias que se atopan en situacións complexas derivadas da perda do posto de traballo e incapacidade de facer fronte ó pago da hipoteca, buscando alternativas como ampliar prazos ou entregar a vivenda en dación en pago pero quedándose nela cun aluguer de renda social, que non cabe dúbida de que o drama dos desafiuzamentos constitúe un gráfico expoñente da crise e non debe deixar lugar á demagogia neste momento, que o Goberno de España está traballando con celeridade e tamén no Parlamento de Galicia xa se tomou algunha medida e seguirán traballando e que si ao alcalde lle interesa mirar conxuntamente algún dos puntos da moción chegando a acordos téndelle a man para traballar, pero que si quere mandar o acordo coas propostas que xa ten e atacando ao PP non conte co seu Grupo, e que nese caso se absterían.

Fai uso da palabra o sr alcalde e di que o voceiro do Grupo municipal do PP ten o argumento de acusar de demagogos aos demais cando é el quen aproveita para facer demagogia de todo o mundo. Di o alcalde que vai contestar a algunhas das medidas do Real Decreto-Lei e que no relativo á exclusión social, os xerentes sociais din que o decreto de desafiuzamentos traerá máis exclusión social, que tamén os xuíces falan sobre a arbitrariedade do decreto de Rajou sobre desafiuzamentos, como as asociacións Xuíces para a Democracia, Francisco de Vitoria ou Asociación Profesional da Maxistratura, o que quere dicir que todas as asociacións de xuíces, sexan progresistas ou conservadoras, están en contra, que o Decreto é unha chapuza para saír do paso e que a xente pense que se está a facer algo, pero que ese non é o camiño, que se queren facer algo teñen a posibilidade, a obrigaón e a responsabilidade de facelo e que é o Goberno o que ten que facelo non a oposición, que o borrador da moción que se presenta estaba pechado antes de que dende o seu partido chegara a moción, aínda que o sr. Blanco non o crea, e que se non se presentou antes foi pola folga xeral, que lle di isto porque o voceiro do Grupo Municipal do PP dixo que si fora cousa do alcalde apoiaría a moción, pero que tamén lle releva da obrigaón de facer honor a súa palabra e que se pode se absteña. Remata dicindo o sr. alcalde que a Moción mantense como se presentou e someterase a votación.

O sr. Blanco Paradelo fai uso da palabra para dicir que non cre o que dixo o alcalde porque no pé da moción non ven nin cuberto o nome do concello a quen se dirixe, que o alcalde non ten nin tivo intención de chegar a un acordo porque non lle interesa, pois defende o que di o PSOE, e resulta que din os seus dirixentes que houbo un acordo e que non descartan votar a favor de todo o Decreto e que o alcalde vota por terra todo o traballado co único obxectivo de darlle caña ó PP, pois se tivera outro obxectivo sentaríase a negociar, que se o alcalde quere o voto afirmativo do PP só ten que sentarse a negociar algunhas das cuestións, que algunhas nin sequera son viables xuridicamente, que non se poder culpar de todo a un goberno que entrou fai menos dun ano e que xa en marzo, cando a penas levaba tres meses o goberno actual, xa aprobou un Real Decreto de medidas urxentes para a protección de debedores hipotecarios sen recursos, pero segundo o alcalde non se fai nada. Conclúe o sr. Blanco dicindo que esta non é unha boa actitude pola súa parte nin polo seu goberno xa que como alcalde representa a todos os cidadáns.

Fai uso da palabra o sr alcalde e di que o decreto que citou o Sr. Blanco tivo un éxito tan grande que xa se ve que desapareceron os desafiuzamentos a partir do decreto.

O sr. Blanco di que houbo máis antes que agora e os de agora están parados. O sr. alcalde di que agora parados non hai ningún aínda, que o que goberna é o responsable de solucionar as cousas, e que tanto o paro, P.I.B., prima de risco, inflación e Bolsa, teñen datos máis negativos tralo ano de goberno de goberno do PP.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e seis abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández e Rodríguez Vázquez) o Pleno do Concello, acorda:

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno Central e ao Parlamento a paralización inmediata de tódalas execucións hipotecarias de vivendas habituais, nos supostos de vivenda habitual e insolvencia sobrevida de boa fe, por un período de a lo menos 2 anos, sen intereses engadidos e mentres se modifica a lexislación vixente.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno Central e ao Parlamento para que adopte as medidas necesarias para que, nos supostos de vivenda habitual e insolvencia sobrevida de boa fe, se estableza un aluguer social, con pagos mensuais en función das rendas reais das familias, para poder manter a súa residencia e, ao tempo, continuar co compromiso de pago coas entidades bancarias.

TERCEIRO.- Instar ao Goberno Central e ao Parlamento para que adopte as medidas necesarias para que se aplique a dación en pago, regulada no artigo 140 da Lei Hipotecaria, de tal xeito que, a elección do debedor, se poida cancelar, sen execución hipotecaria, a totalidade da débeda pendente coa entrega da vivenda, aínda que isto non fora pactado ao formalizarse a hipoteca.

CUARTO.- Instar ao Goberno Central e ao Parlamento para a modificación da lexislación, de xeito que se proceda á eliminación do imposto municipal de plusvalía para as persoas afectadas que sufran a perda da súa vivenda en poxa, e para aquelas que logren a dación da vivenda en pago, naqueles supostos en que a lei así o permita.

QUINTO.- Dar traslado destes acordos ao Parlamento Autonómico de Galicia, así como ao Congreso e ao Senado.

Máis aló das medidas de competencia estatal, propor a adopción da seguinte medida para emprender a nivel municipal:

-Interpelar ás entidades financeiras que operan no municipio para esixirlle, nos casos de desamparo, a paralización dos desahucios froito do actual proceso de execución hipotecaria, coa indicación de que en caso contrario, procederase á retirada dos fondos municipais de ditas entidades.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1º Rogos e preguntas

Non se realizan.

E non habendo máis asuntos que tratar polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 15:00 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez